

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES
CONTRATO DE SERVIZOS
PROCEDEMENTO ABERTO
SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS
(UNINOVA)**

ÍNDICE

I. CONDICIÓNS XERAIS

1. Obxecto do contrato e réxime xurídico

1. Obxecto do contrato
2. Necesidades que satisfacer
3. Réxime xurídico

2. Definición do contrato

3. Órgano de contratación e responsable do contrato

1. Órgano de contratación
2. Responsable do contrato
3. Órgano competente en materia de contabilidade pública

4. Procedemento de adxudicación e forma de tramitación do expediente

5. Prazo de duración e prórrogas

6. Valor estimado do contrato. Orzamento de licitación e prezo do contrato. Distribución en anualidades e lotes. Revisión de prezos

1. Valor estimado
2. Orzamento de licitación e prezo do contrato
 1. Orzamento de licitación
 2. Prezo de contrato
3. Distribución en anualidades e lotes
4. Revisión de prezos

II. SELECCIÓN DO CONTRATISTA

7. Capacidade do contratista e prohibición de contratar

1. Capacidade do contratista
2. Unións temporais
3. Prohibicións de contratar
4. Requisitos de clasificación ou solvencia
 1. Clasificación
 2. Solvencia económica e financeira
 3. Solvencia técnica

8. Presentación de proposicións

9. Lugar e prazo de presentación. Información aos licitadores

10. Contido dos sobres

1. Documentación administrativa. SOBRE "A"
2. Documentación ponderable en función dun xuízo de valor. SOBRE "B"
3. Documentación cuantificable de forma automática. SOBRE "C"

11. Apertura da documentación e das proposicións

1. Sobre A
2. Sobre B
3. Sobre C

12. Aclaración das ofertas

13. Ofertas anormalmente baixas

14. Sucesión no procedemento

III. ACTUACIÓNS PREVIAS Á ADXUDICACIÓN

15. Criterios para a avaliación das ofertas e criterios de desempate

1. Criterios para a avaliación das ofertas
2. Criterios de desempate

16. Mesa de contratación

17. Renuncia ou desistencia

18. Documentación que deberá aportar o licitador que presentou a mellor oferta

- 1.1. Inscrito nun rexistro de contratistas
- 1.2. Non inscrito nun rexistro de contratistas

IV. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN

19. Adxudicación

20. Formalización do contrato

1. Perfección
2. Inicio
3. Prazo
 1. Contratos suxeitos a regulación harmonizada ou susceptibles de recurso especial en materia de contratación
 2. Contratos non suxeitos a regulación harmonizada ou non susceptibles de recurso especial en materia de contratación

4. Non formalización
5. Documento contractual

21. Publicidade da formalización do contrato

V. EXECUCIÓN DO CONTRATO

22. Obrigas do contratista

23. Cesión do contrato e subcontratación

24. Modificación do contrato

25. Exención de garantía definitiva. Revisión

26. Recepción do obxecto do contrato

27. Prazo de garantía da prestación contratada

28. Facturación e forma de pagamento

1. Facturación
2. Pagamento

VI. PENALIDADES E EXTINCIÓN DO CONTRATO

29. Penalidades

30. Extinción do contrato

31. Devolución da garantía definitiva

VII. OUTRAS CLÁUSULAS

32. Recursos

33. Confidencialidade e protección de datos

1. Información confidencial facilitada ao contratista
2. Protección de datos
 1. Por parte de UNINOVA
 2. Por parte da empresa

34. Prerrogativas

I. CONDICIÓN XERAIS

1. OBXECTO DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO

1.1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto da contratación é a prestación do servizo que se cita no apartado 1.1 do anexo de especificacións e coas características técnicas que se describen no prego de prescricións técnicas.

Cando o servizo que se vai contratar admita variantes, no apartado 4 do anexo de especificacións indicárase sobre que elementos e en que condicións se autoriza a súa presentación nas ofertas.

Polo que se refire ás bases técnicas do contrato, a cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese por Uninova, rexerá o disposto no apartado 20 do anexo de especificacións.

De acordo co establecido no artigo 2 do Real Decreto 331/2003, do 14 de marzo, polo que se derroga o Real Decreto 81/1996, do 26 de xaneiro, a clasificación de produtos por actividades (CPA-2002) segundo o Regulamento (CE) número 204/2002, do 19 de decembro de 2001, é a sinalada no apartado 1.3 do anexo de especificacións e o vocabulario común de contratos do sector público (CPV) establécese no apartado 1.4 do anexo de especificacións.

1.2. NECESIDADES QUE SATISFACER

Indicárase no apartado 1.2 do anexo de especificacións.

1.3. RÉXIME XURÍDICO

1. O contrato terá natureza administrativa e rexerá polas cláusulas deste prego e do de prescricións técnicas e, no non establecido neles, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e no non oposto a ela, polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE de 26 de outubro) polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP); polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e polas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

2. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, normas ou pregos de toda índole formulados por UNINOVA que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento

3. O contrato, no caso de financiarse con fondos Europeos (nese caso indicárase no apartado 9.2 do anexo de especificacións), deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude del e será coherente coas actividades políticas e prioridades comunitarias en prol do desenvolvemento sostible e a protección e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego ou a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres de conformidade co disposto no Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, e ao fondo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

2. DEFINICIÓN DO CONTRATO

O contrato ten natureza administrativa e tipifícase como **contrato de servizos** conforme ao establecido no artigo 15 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De esixirse clasificación, indicárase no apartado 14 do anexo de especificacións.

3. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E RESPONSABLE DO CONTRATO

3.1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O Conselleiro Delegado de Uninova, posúe a condición de órgano de contratación da Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. (UNINOVA)

O órgano de contratación ten a súa sede no *Edificio Emprendia, Campus Vida. Santiago de Compostela*. O enderezo do perfil do contratante é <http://www.uninova.org/transparencia> e a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

3.2. RESPONSABLE DO CONTRATO

1. De preverse a figura de responsable do contrato ao que fai referencia o artigo 62 da LCSP indicárase no apartado 19 do anexo de especificacións. Con carácter xeral, ao responsable do contrato corresponderalle supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta execución da prestación contratada.

2. O responsable poderá contar con colaboradores, que desenvolverán as súas actividades en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos.

3. En caso de cambio do responsable do contrato ou dos colaboradores, comunicáraselle ao contratista por escrito.

3.3. ÓRGANO COMPETENTE EN MATERIA DE CONTABILIDADE

En Uninova os órgano e persoas competentes en materia de contabilidade son o Conselleiro Delegado e o Consello de Administración da Sociedade.

4. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

1. Para a adxudicación deste contrato aplicarase o **procedemento aberto** conforme ao disposto nos artigos 131 e 156 da LCSP.

2. A tramitación do expediente de contratación adoptará a forma indicada no apartado 10 do anexo de especificacións.

3. Se a tramitación se realizase por procedemento de urxencia, todos os prazos establecidos reduciranse á metade, agás, no caso dos contratos sometidos a regulación harmonizada ou susceptibles de recurso especial en materia de contratación, o prazo para o período de presentación de ofertas e o prazo de quince días hábiles antes da formalización do contrato, que non sufrirán variación.

5. PRAZO DE DURACIÓN E PRÓRROGAS

1. O prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 5 do anexo de especificacións ou o que oferte o contratista, de resultar inferior, iniciándose o seu cómputo ao día seguinte á sinatura do contrato.

2. No caso de que neste apartado se estableza a posibilidade de prórroga do contrato, esta farase de acordo co establecido no artigo 29 da LCSP.

6. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO. DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES E LOTES. REVISIÓN DE PREZOS

6.1. VALOR ESTIMADO

O valor estimado do contrato, calculado de acordo co previsto no artigo 101 da LCSP, foi tido en conta para a elección do procedemento de adxudicación e establécese no apartado 2.4 do anexo de especificacións.

6.2. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO

6.2.1. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Para a execución dos compromisos económicos derivados do presente contrato existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos e na contabilidade da Sociedade indicada no apartado 9 do anexo de especificacións.

Cando o expediente de contratación se tramite como anticipado de gasto por afectar a exercicios futuros a súa execución estará condicionada á existencia de crédito no orzamento de cada exercicio.

O orzamento máximo de licitación é o fixado no apartado 2 do anexo de especificacións.

6.2.2. PREZO DO CONTRATO

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación e nel estarán incluídos todos os gastos que a empresa adxudicataria debe realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, de transporte e desprazamento do persoal ao seu cargo, e outros que poidan establecerse ou modificarse durante a vixencia do contrato, sen que polo tanto, poidan ser repercutidos como partida independente do prezo establecido, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas recollidas nos pregos que rexen na licitación e execución dos contratos.

No prezo do contrato deberase indicar o IVE como partida independente.

6.3. DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES E LOTES

No caso de que a execución do contrato abranza máis de un exercicio orzamentario, establécese no apartado 2.3 do anexo de especificacións a previsión do detalle do orzamento en anualidades.

De se estableceren lotes, o orzamento máximo de contratación para cada lote fixarase no apartado 3 do anexo de especificacións.

6.4. REVISIÓN DE PREZOS

Aplicarase o establecido nos artigos 103 e seguintes da LCSP. En calquera caso, a procedencia ou improcedencia da revisión, farase constar no apartado 6 do anexo de especificacións.

II. SELECCIÓN DO CONTRATISTA

7. CAPACIDADE DO CONTRATISTA E PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

1. CAPACIDADE DO CONTRATISTA

1. Poderán presentar ofertas para a adxudicación do contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en agrupación ou unión temporal. Tamén deberán ter plena capacidade de obrar e desenvolver unha actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais. Así mesmo, deberán dispor dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato e acreditar a súa solvencia económica e técnica como se indica neste prego.

2. Cando para a realización dunha actividade sexa necesario dispor dunha habilitación especial, segundo o indicado no apartado 20 do anexo de especificacións, deberá acreditarse que o candidato ou o licitador está en posesión desta.

2. UNIÓNS TEMPORAIS

1. Para as unións temporais de empresarios rexerá o disposto no artigo 69 da LCSP. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción. O contratista non poderá subscribir oferta algunha en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figura noutra agrupación temporal. A infracción destas normas provocará a non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

2. Nas unións temporais de empresarios, cada un dos empresarios que a integran acreditará a súa personalidade e capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP.

3. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

Para os efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

4. Non será necesaria a formalización da unión temporal de empresas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

3. PROHIBICIÓNS DE CONTRATAR

1. Os licitadores non poderán estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 71 da LCSP na data de conclusión do prazo de presentación de proposicións. Tampouco deberán estar incurso en tal situación cando se proceda á adxudicación do contrato.

2. Para acreditar tal circunstancia deberán achegar a correspondente declaración responsable na que o empresario, o seu representante ou apoderado, de ser o caso, deixe constancia deste requisito.

3. Os operadores económicos poden ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de enxuízamento con arranxo á lexislación nacional, no caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ao cumprimentar o DEUC ou en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se cumpren os criterios de selección, ou no caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos

4. Non poderán optar á adxudicación do contrato aquelas persoas naturais ou xurídicas, que foran adxudicatarias dalgún contrato de UNINOVA se este se resolvera por causa imputable ás mesmas e así se establecera na correspondente resolución que resolveu o devandito contrato. De presentarse algunha oferta incurso neste suposto, será rexeitada automaticamente pola mesa de Contratación.

4. REQUISITOS DE CLASIFICACIÓN OU SOLVENCIA

1. CLASIFICACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 77 da LCSP, **non se esixe clasificación**, pero respecto daqueles licitadores que xustifiquen a súa clasificación como contratista de servizos, considerarase esta última substitutiva da referida solvencia no suposto de posuíla no/s grupo/s que se indiquen no apartado 14 do anexo de especificacións.

2. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

A solvencia económica e financeira xustificarase coa subscrición dun seguro de responsabilidade civil no caso de resultar adxudicatario, por un importe non inferior ao valor estimado do contrato, que incluírá así mesmo o compromiso da súa renovación ou prórroga garantindo o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

Poderase indicar outro medio de xustificar a solvencia económica e financeira, para cada contrato, no apartado 15 do anexo de especificacións.

3. SOLVENCIA TÉCNICA

a. A solvencia técnica ou profesional dos empresarios apreciarase tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse, segundo o establecido no artigo 90, letra a) da LCSP, mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso dos tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

b. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos que obran en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

c. Só se terán en conta a efectos de acreditar a solvencia os traballos e servizos relacionados co obxecto do contrato, respecto dos cales se aporten as certificacións ou declaracións do empresario á que se fai referencia neste apartado.

d. Reputarase solvente o licitador que acredite, mediante os referidos certificados, ou a falta de estes, mediante unha declaración do empresario no suposto de que os beneficiarios sexan un suxeito privado, a execución dun conxunto de traballos que garden relación co obxecto do contrato cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato.

e. Cando o contratista sexa una empresa de nova creación, entendendo por tal, aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a solvencia técnica acreditarase mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente e unha declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa.

f. A concorrencia de requisitos de capacidade e solvencia esixidos nesta cláusula deberá cumprirse na data de finalización do prazo de presentación das propostas.

Poderase indicar outro medio de xustificar a solvencia técnica para cada contrato, no apartado 16 do anexo de especificacións.

8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONES

1. Mientras UNINOVA non dispoña dos medios técnicos para a presentación electrónica das ofertas, a documentación deberá presentarse en soporte papel.
2. Cada contratista presentará unha soa oferta, sen prexuízo de que se admita, dentro dela, a presentación de variantes, o que se indicará no apartado 4 do anexo de especificacións. Así mesmo, o contratista non poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou xa figura noutra agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.
3. Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que se estime fundamental para considerar a oferta.
4. Para tomar parte na contratación será preciso que o licitador achegue a documentación que integra a oferta, dividida en **TRES SOBRES** sinalados coas letras:

A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

B: DOCUMENTACIÓN PONDERABLE EN FUNCIÓN DUN XUÍZO DE VALOR

C: DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA

5. A documentación presentarse en **sobres independentes**. Os sobres presentaranse pechados, identificados no seu exterior coa denominación do obxecto do contrato e o nome e os apelidos da persoa que asina a proposición, o carácter co que o fai, e a razón social, NIF e domicilio fiscal da empresa.
6. No interior dos sobres B e C farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre estea debidamente paxinado.
7. A presentación de proposicións presume por parte da empresa a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e do de prescricións técnicas, e das obrigas establecidas na regulamentación, acordos, convenios e demais normas aplicables ao caso e a declaración responsable de que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coas administracións públicas.
8. Unha vez presentada, a proposición non poderá ser retirada baixo ningún concepto.

9. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. INFORMACIÓN AOS LICITADORES

1. As proposicións presentaranse na sede de Uninova en Santiago de Compostela, situada no Edificio Emprendia, Campus Vida, s/n .15782 *Santiago de Compostela*, dentro do prazo que se determine no anuncio de publicación do expediente.
2. Tamén poderán presentarse en Correos segundo o establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. No caso de que se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío ou da presentación na oficina de correos e anunciar no mesmo día, a remisión da oferta mediante correo electrónico enviado a info@uninova.es. **Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.**

Transcorridos, non obstante, dez días dende a data de remate do prazo de presentación de ofertas sen terse recibido a documentación, esta non será admitida.

4. Rematado o prazo de admisión de proposicións, expedirase unha certificación das proposicións recibidas ou da ausencia de licitadores, no seu caso, que, xunto cos sobres será remitida á Mesa de Contratación.

5. Para o cumprimento do prazo establecido no artigo 138.3 da LCSP respecto da información adicional solicitada polos licitadores, o pedimento realizado por estes deberá recibirse cunha antelación mínima de 12 (doce) días respecto da data prevista no citado artigo, ao correo electrónico info@uninova.org

10. CONTIDO DOS SOBRES

Os distintos sobres, necesariamente asinados con sinatura lexible, conterán os seguintes documentos:

1. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. SOBRE “A”

Incluirase o **DEUC**, posto a disposición dos licitadores pola Comisión Europea no enderezo <https://ec.europa.eu/tools/espd/filter?lang=es> ou no perfil de contratante da USC: <http://www.usc.es/contratacion> cando se trate de contratos sometidos a **regulación harmonizada**, ou a **declaración responsable** que se publica no perfil de contratante cando se trate de contratos **non sometidos a regulación harmonizada**.

De esixirse no apartado 20 do Anexo de especificacións, incluirase o documento que acredite a constitución da **garantía provisional**, que deberá ser orixinal.

A Mesa ou o órgano de contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos do cumprimento do declarado, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adjudicar o contrato.

Será causa de rexeitamento automático da oferta presentada, a inclusión da oferta que deba formar parte dos sobres B ou C no sobre de DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

De esixirse fianza provisional, os erros relativos á súa constitución fóra do prazo de presentación de proposicións, non serán reparables en ningún caso.

2. DOCUMENTACIÓN PONDERABLE EN FUNCIÓN DUN XUÍZO DE VALOR. SOBRE “B”

O **sobre B** deberá conter a documentación técnica que se solicite no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no de cláusulas administrativas particulares, ademais da que será cualificada mediante un xuízo de valor de acordo co que se establece no apartado 11.1 do anexo de especificacións deste prego.

A referida documentación, no seu caso, será parte integrante do contrato e obrigará ao contratista ao seu cumprimento.

No caso de que se estableza, axustará o seu contido e formalización ao modelo de oferta técnica que se publique co presente prego.

No seu caso, de acordo co previsto no artigo 146.2 letra a) da LCSP, no apartado 11.2 do anexo de especificacións indicarase o servizo técnico especializado ou a composición do comité de expertos que cualificará esta documentación.

Será causa de rexeitamento automático da oferta presentada, a inclusión da oferta que deba formar parte do sobre C no sobre B ou a inclusión neste de información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que alcanzarían os licitadores con base nos criterios avaliados de forma automática.

Indicarase tamén neste sobre que documentos e datos do licitador son de carácter confidencial, sen que resulten admisibles as declaracións xenéricas de confidencialidade de todos os documentos ou datos da oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra

forma) no propio documento sinalado como tal. De non realizar esta declaración, considerarase que ningún dato ou documento ten carácter confidencial.

3. DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA. SOBRE “C”

O **sobre C** deberá conter a documentación que se deba cualificar de forma automática mediante fórmulas ou similares, fundamentalmente a **oferta económica do licitador**, que deberá axustarse, no seu caso, ao modelo establecido neste prego.

Os prezos ofertados indicaranse en euros. Estarán incluídos todos os custos que sexa necesario realizar para a prestación do obxecto do contrato. **En todo caso indicarse, como partida independente, o IVE**

As ofertas que excedan do prezo máximo de licitación ou do prazo de entrega fixado polo órgano de contratación ou sexan incorrectamente formuladas, serán rexeitadas.

11. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS.

Para a apertura da documentación administrativa e das proposicións será necesaria a intervención da Mesa de Contratación publicada na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

De cada sesión, o secretario da Mesa de Contratación redactará unha acta, na que se recollerán as actuacións realizadas e o desenvolvemento da sesión. A acta será asinada polos compoñentes presentes da Mesa.

As propostas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adjudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Tal como establece o artigo 158.3 da LCSP o prazo para a apertura das proposicións é de 20 días contados desde a data de finalización do prazo de presentación de ofertas.

Se a proposición se contén en máis dun sobre (B e C) por abrirse estes en actos independentes, o prazo entenderase cumprido, cando se abra dentro do citado prazo o primeiro dos que conteñan a proposición.

A Mesa será o órgano competente para a avaliación das ofertas.

1. SOBRE A

A Mesa de Contratación abrirá os sobres de documentación administrativa (SOBRE A) presentados polos licitadores e recibidos dentro de prazo, examinará os datos externos e o seu contido, e deixará constancia do seu criterio respecto das ofertas que deban ser admitidas ou excluídas en virtude das cláusulas deste prego e das normas legais de aplicación.

A omisión ou defecto formal dos documentos que se deban incluír neste sobre poderá dar lugar ao rexeitamento da oferta.

Non obstante, se o estima pertinente, a Mesa de Contratación poderá conceder un prazo non superior a tres días hábiles, contados desde o día seguinte ao da comunicación mediante correo electrónico, para que o licitador repare o erro cometido. De non presentar a documentación requirida neste prazo, quedará automaticamente excluído. Este prazo non se concederá cando se trate de omisións absolutas da documentación referida.

2. SOBRE B

A proposición das empresas que fosen admitidas á licitación por ter toda a súa documentación presentada correctamente, abrirase o día e hora que se sinalará no anuncio de licitación, en sesión que non será pública.

O comité de expertos ou o organismo técnico especializado, ou quen designe o órgano de contratación, segundo proceda, disporá dun prazo máximo de **quince días naturais** desde a apertura da documentación do sobre B para a cualificación da documentación ponderable en función dun xuízo de valor.

De ser o caso, das cualificacións outorgadas darase conta antes da apertura do sobre C.

3. SOBRE C

A apertura da proposición do sobre C realizarase nun acto público que terá lugar o día e hora que se sinale no anuncio de licitación, que non poderá superar o prazo dun mes dende a data de finalización do prazo de presentación de ofertas.

Lerase en voz alta o importe de cada proposición económica e dos demais criterios avaliados de forma automática.

12. ACLARACIÓN DAS OFERTAS

O órgano de contratación poderá solicitar aclaracións sobre as ofertas presentadas ou para corrixir manifestos erros materiais na súa redacción sempre que non supoñan desigualdade de trato e sen que poida, en ningún caso, modificarse os termos da oferta. Do actuado deberá deixarse constancia documental no expediente.

13. OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS

1. Se o único criterio que se valora de forma obxectiva é o prezo, rexerá o que se determine regulamentariamente.

2. Se existe máis de un criterio de valoración, considerarase como desproporcionada ou anormalmente baixa toda proposición en que a porcentaxe exceda en 10 unidades, polo menos, a media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas.

Neste caso, a Mesa de Contratación daralle audiencia aos licitadores incurso en presunción de anormalidade de acordo coas condicións establecidas no artigo 149 da LCSP e propoñerá ao órgano de contratación, á vista do resultado, a aceptación ou rexeitamento da oferta.

14. SUCESIÓN NO PROCEDIMENTO

Tal como establece o artigo 144 da LCSP, se durante a tramitación dun procedemento e antes da adxudicación se producira a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata, por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederánlle na súa posición no procedemento as sociedades absorbentes, as resultantes da fusión, as beneficiarias da escisión ou as adquirentes do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúnan as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e xustifiquen a súa solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación.

III. ACTUACIÓNS PREVIAS Á ADXUDICACIÓN

15. CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS OFERTAS E CRITERIOS DE DESEMPATE

1. CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS OFERTAS

- a. Os criterios para a cualificación do expediente indicaranse no apartado 11 do anexo de especificacións.
- b. Os licitadores deberán acreditar a situación das súas ofertas respecto de cada criterio polos medios que para cada caso indique o órgano de contratación, para os efectos de asignarlle a puntuación resultante.
- c. As ofertas serán cualificadas tecnicamente polo responsable do contrato, ou no seu caso, por quen determine o órgano de contratación.
- d. Se os criterios avaliados de forma automática supoñen unha porcentaxe inferior ao 50%, para a valoración técnica acudirase a un **comité de expertos** formado por un mínimo de 3 membros ou a un **organismo técnico especializado** que se especificará no apartado 11.2 do anexo de especificacións. A súa composición ou a indicación, segundo proceda, publicárase no Anexo I ao PCAP.

2. CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de empate entre dúas ou máis proposicións, terá preferencia para a adxudicación a que obteña máis puntuación na oferta técnica e no caso de persistir o empate, terá preferencia a entidade que se atope nalgún dos supostos seguintes, pola orde que se indica:

1. Proposición realizada pola empresa que á data de remate da presentación de ofertas, dispoña no seu cadro de persoal dunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior á esixida pola normativa (é dicir, máis dun 2%). No caso de persistir o empate, a que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.
2. Proposición realizada pola empresa que acredite a implantación dun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 67.4 do decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A documentación xustificativa do cumprimento destas condicións será aportada cando lle sexa requirida pola Mesa de Contratación.

16. MESA DE CONTRATACIÓN

1. O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha Mesa de Contratación.

A composición da Mesa de Contratación publicárase na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

2. O presidente será o Conselleiro Delegado que poderá ser substituído, por outro membro do Consello de Administración de Uninova, funcionario da USC ou traballador de Uninova

Será suficiente para a válida constitución da Mesa a asistencia do presidente/a, o secretario/a e un vogal .

3. A Mesa poderá estar asistida polas persoas que pola súa cualificación profesional se consideren necesarias, para asesorar á Mesa en función da natureza dos asuntos que se traten, con voz pero sen dereito de voto.

17. RENUNCIA OU DESISTENCIA

1. De renunciar ao contrato, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, antes da adxudicación compensarase aos licitadores polos gastos en que incorresen, debidamente xustificadas, ata un máximo do vinte por cento.

2. Cando se aprecie unha infracción non emendable das normas de preparación, o órgano de contratación, antes da adxudicación, poderá desistir do contrato, compensando os candidatos polos gastos en que incorresen, debidamente xustificadas, ata un máximo do vinte por cento.

18. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ APORTAR O LICITADOR QUE PRESENTOU A MELLOR OFERTA

1. No prazo de 10 días hábiles contados dende a recepción do requirimento de presentación de documentación ao licitador que realizara a mellor oferta, este deberá presentar a seguinte documentación:

1 INSCRITO NUN REXISTRO DE CONTRATISTAS

Se o adxudicatario **está inscrito** no *Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público*, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou presenta un certificado comunitario de clasificación, xunto cunha declaración responsable na que manifieste que as circunstancias reflectidas non experimentaron variación, deberá presentar o certificado do correspondente Rexistro e ademais deberá presentar a documentación de entre a que se relaciona na cláusula seguinte, que non figure no certificado.

2 NON INSCRITO NUN REXISTRO DE CONTRATISTAS

A. Os documentos que acrediten a **personalidade**, que serán os seguintes:

- Para os **empresarios individuais**, será obrigatoria a presentación da fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade (ou o que no seu caso o substitúa regulamentariamente) da persoa que asina a proposición así como a documentación acreditativa da alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato. Expresaranse as circunstancias persoais e o domicilio.
- Se a empresa fose **persoa xurídica española**, será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Número de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate.
- A personalidade dos **empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes dos acordos sobre o Espazo Económico Europeo**, que se

indican no Anexo I do RGLCAP, acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado nos termos que se establezan regulamentariamente de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa una autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder realizar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

- **A capacidade das empresas estranxeiras de Estados non membros da Unión Europea**, acreditarase mediante informe da Misión diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa no que se faga constar que figura inscrita no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e con entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LSCP en forma substancialmente análoga.

De tratarse dunha UTE, deberá presentarse escritura pública de constitución, debidamente inscrita no Rexistro correspondente como tal.

B. Os documentos que acrediten a **representación** son os seguintes:

- a. Os que **comparezan e asinen a proposición en nome de outro** deberán presentar copia compulsada do DNI do/s apoderado/s ou documento que regulamentariamente o substitúa.
- b. Se o licitador fose un **empresario individual** presentarase copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.
- c. Se o licitador fose unha **persoa xurídica**, presentarase copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares nos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentarase, ademais escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil ou, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda.

C. Documentación xustificativa da **solvenza económica e financeira e técnica ou profesional**, ou da clasificación, tal como se indica na cláusula 7.4 deste prego.

D. As **empresas estranxeiras** presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador.

E. Orixinal ou copia compulsada de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato referida ao exercicio corrente, ou ao derradeiro recibo completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse en algunha das

excepcións previstas no artigo 82 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou declaración responsable de ter unha cifra de negocio inferior a un millón (1.000.000 euros) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) da citada lei.

F. A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social .

G. Documento acreditativo da constitución, á disposición do órgano de contratación, da garantía definitiva, que poderá prestarse por calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP. O importe da garantía definitiva permanecerá depositado durante todo o prazo de execución do contrato.

H. Acreditación, no seu caso, da efectiva disposición dos medios que se comprometeran a dedicar ou adscribir á execución do contrato, sendo esta unha obrigas esenciais do contrato.

I. De ser o caso, subscrición dunha póliza de responsabilidade civil por un importe non inferior por sinistro ao valor estimado do contrato, na que UNINOVA figure como asegurada adicional durante a vixencia deste.

2. Porén, eximirase da obriga de presentar a documentación que non sexa específica do contrato que se vai executar, a aqueles contratistas cuxa documentación se atope en poder de UNINOVAe manteña a súa vixencia. Neste caso o adxudicatario deberá indicar en que procedemento ou expediente presentou tales documentos.

3. De non entregar a documentación no prazo sinalado, entenderase que a empresa retirou a oferta presentada, tal como establece o artigo 150.2 da LCSP e solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

4. No caso de que o licitador non cumpra axeitadamente o requirimento, esixiráselle o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

5. O licitador que non cumpra o establecido nesta cláusula dentro do prazo sinalado nela, poderá ser declarado en prohibición de contratar, tal como prevé o artigo 71.2 da LCSP.

En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos traducidos de forma oficial ao idioma castelán ou galego.

IV. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN

19. ADXUDICACIÓN

1. Dende a recepción da documentación sinalada na cláusula 18 deste prego, UNINOVA disporá de cinco días hábiles para realizar a adxudicación do contrato.

2. O órgano de contratación adxudicará o contrato á mellor oferta, mediante a aplicación dos criterios establecidos no apartado 11 do anexo de especificacións, ou declarará deserta a contratación no caso de que non se presente ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios previstos neste prego.

3. O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante unha resolución motivada que se lles notificará aos candidatos e que, á súa vez, se publicará no perfil de contratante do órgano de contratación e no diario oficial pertinente cando corresponda en función da cuantía.

4. O prazo para a adxudicación será de quince días se o único criterio de avaliación é o prezo e de dous meses se existe máis dun criterio de avaliación, en ambos os dous casos, contados desde a apertura do sobre B ou C, agás que se indique outro prazo no prego, o que se sinalará no apartado 20 do anexo de especificacións.

Tal como establece o artigo 158 da LCSP, este prazo quedará automaticamente ampliado en quince días hábiles no caso de que sexa necesario seguir os trámites previstos no artigo 149.4 da citada LCSP en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

20. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1. PERFECCIÓN

1. O contrato perfecciónase mediante a súa formalización. O documento administrativo de formalización conterá a información prevista no artigo 35 da LCSP.

2. Ademais do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas terán carácter contractual, de ser o caso, todos os documentos que definan o obxecto do contrato. Xa que logo, os ditos documentos deberán ser asinados polo adxudicatario, como proba de conformidade, no acto de formalización do contrato.

2. INICIO

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización, agás nos casos previstos no artigo 120 da LCSP.

3. PRAZO

1. CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA OU SUSCEPTIBLES DE RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

Neste caso, o contrato non poderá formalizarse ata que transcorran 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

Transcorrido o prazo anterior sen que os licitadores interpuxeran recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o adxudicatario deberá formalizar o contrato no prazo de 5 días naturais dende que reciba o requirimento para tal acto por parte de UNINOVA

Este prazo de 5 días para a formalización do contrato dende o requirimento por parte de UNINOVA, será tamén de aplicación dende a resolución do recurso presentado ou dende o levantamento da suspensión se a interposición do recurso levara aparellados efectos suspensivos acordados polo órgano competente.

2. CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA OU NON SUSCEPTIBLES DE RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

No caso dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada ou non susceptibles de recurso especial en materia de contratación, o contrato formalizarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que o adxudicatario reciba a notificación da adxudicación.

4. NON FORMALIZACIÓN

Cando por causa imputable ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, UNINOVA esixirá o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se tivese constituído, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP.

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida na cláusula 18 deste prego.

Se as causas de non formalizalo foran imputables a UNINOVA, indemnizarase ao contratista polos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

5. DOCUMENTO CONTRACTUAL

O contratista poderá solicitar que o contrato se formalice en escritura pública; neste caso correrán pola súa conta os correspondentes gastos.

21. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1. A formalización do contrato publicarase na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.
2. Para todo o non previsto nesta cláusula, estarase ao disposto no artigo 153 da LCSP.

V. EXECUCIÓN DO CONTRATO

22. OBRIGAS DO CONTRATISTA

1. O contratista estará obrigado a realizar o servizo nos termos recollidos no prego de cláusulas administrativas e no de prescricións técnicas e ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida.

2. O contrato executarase a risco e ventura do contratista; a reparación e a satisfacción das indemnizacións polos danos que se lle causen tanto a UNINOVA como a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do servizo, serán pola súa conta, salvo cando tales prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde de UNINOVA.

3. O contratista está obrigado a achegar os medios e equipamentos precisos para a boa execución do contrato, así como o persoal e demais esixencias que, de ser o caso, se determinen no prego de prescricións técnicas, indicándoo na súa proposición, compromiso que formará parte do contrato, sendo declarada esta cláusula unha **obriga esencial do contrato**.

Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, polo que este terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario e deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos laborais.

4. En caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero que lles ocorrese aos traballadores con motivo do exercicio dos traballos, a empresa adxudicataria cumprirá o que dispoñen as normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de xeito algún a UNINOVA.

5. O contratista estará obrigado, con respecto ao persoal que empregue na prestación do servizo, ao cumprimento das disposicións en materia de lexislación laboral e de seguridade social vixentes durante a execución do contrato, así como á normativa de prevención de riscos laborais.

Deberase establecer a coordinación de actividades empresariais en materia de prevención de riscos laborais, para cumprimento da normativa de aplicación.

6. O incumprimento destas obrigas ou as infraccións sobre as disposicións de seguridade non implicarán responsabilidade algunha para UNINOVA

7. En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre UNINOVA e o contratista. Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do contrato como persoal de UNINOVA
8. As prestacións non realizadas debido a folgas de persoal ou a calquera outra causa imputable ao contratista, dará lugar á dedución do prezo do contrato daquelas cantidades que sexan proporcionais aos días, ou fraccións de tempo, no que a prestación do servizo non se realizase.
- Para os efectos das deducións mencionadas, tomaranse como referencia as contías dunha mensuralidade de trinta días.
9. O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modos e marcas de fabricación correspondentes. Correrán da súa conta os pagamentos dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, será responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial e deberá indemnizar a UNINOVA por todos os danos e prexuízos que para a mesma poidan derivarse da interposición de calquera tipo de reclamacións.
10. Co fin de asegurar o cumprimento das obrigacións derivadas da execución do contrato, UNINOVA poderá exercer a facultade de dirección e inspección, con comunicación e identificación previa perante o contratista dos servizos técnicos propios de UNINOVA ou os expresamente concertados ao efecto. UNINOVA poderá ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convindo.
11. Cando o contratista, ou as persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.
12. Se a execución non se axustase ao previsto no contrato, UNINOVA poderá rexeitar a prestación contratada, quedando exenta do pago do prezo ou recuperando o prezo satisfeito, no seu caso.
13. Agás o establecido na LCSP para casos especiais, cantas incidencias xurdan entre o contratista e UNINOVA por diferenzas na interpretación do convindo ou pola necesidade de modificar as condicións contractuais, serán tramitadas mediante expediente contradictorio, de conformidade co establecido no artigo 97 do RXLCAP.
14. De ser o caso, se non se indica outra cousa no apartado 20 do anexo de especificacións, a documentación que resulte da realización do obxecto do contrato, deberá entregarse en lingua galega ademais de en lingua castelá.
15. De ser o caso, coa periodicidade pertinente, deberán ser entregadas no Servizo de Xestión Económica de Uninova copias dos recibos de pagamento das cotas do seguro de responsabilidade civil que se esixe na cláusula 18.2. letra l) deste prego.
16. No apartado 18 do anexo de especificacións poderán incluírse outras obrigas contractuais esenciais ou as condicións especiais de execución ás que fai referencia o artigo 202 da LCSP. No caso de impoñerse penalidades especiais para o incumprimento destas obrigas, indicárase no apartado 13 do anexo de especificacións.

23. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

O servizo deberá ser prestado directamente polo adxudicatario, agás no caso de cesión e subcontratación do contrato, para o que se estará ao disposto nos artigos 214, 215 e seguintes da LCSP.

24. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1. O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar os contratos por razóns de interese público de acordo co disposto nos artigos 203 e seguintes da LCSP.
2. Unha vez perfeccionado o contrato, entendendo como tal a súa sinatura, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións nel por razóns de interese público, nos casos e na forma establecida no artigo citado na cláusula anterior.
3. De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato deberá darse audiencia ao contratista.
4. As modificacións do contrato deberán formalizarse de acordo co disposto no artigo 207 da LCSP.
5. O anuncio da modificación do contrato será publicado web de Uninova apartado transparencia tal como establece o artigo 63.3 da LCSP.

25. EXENCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA. REVISIÓN

1. Atendendo ás circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ao licitador que presentara a mellor oferta da obriga de constituír a garantía, circunstancia que se reflectirá no apartado 20 do anexo de especificacións e que se xustificará axeitadamente no expediente.
2. Cando a consecuencia da modificación do contrato, o valor deste experimente unha variación, axustarase a garantía no prazo de quince días naturais contados dende a data en que se autorice a modificación do contrato.
3. Tamén no prazo de quince días naturais contados dende a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda; en caso contrario, incorrerá en causa de resolución.

26. RECEPCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

Nos contratos de servizos de tracto sucesivo non se realizará un acto formal de recepción. No caso de que o tipo de servizo o requira, indicarse no apartado 20 do anexo de especificacións.

27. PRAZO DE GARANTÍA DA PRESTACIÓN CONTRATADA

1. De ser o caso, o prazo de garantía dos traballos necesarios para a prestación do servizo será o establecido no apartado 8 do anexo de especificacións, e computarase a partir da data da acta de recepción no caso de que se esixa un acto formal de recepción, sen prexuízo do disposto no artigo 314 e seguintes da LCSP cando se trate de proxectos de obra.
2. Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, rexerá o disposto no artigo 311 da LCSP.

28. FACTURACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO

1. FACTURACIÓN

Para proceder ao pagamento material da factura, que se realizará de acordo co establecido no artigo 198.4 da LCSP, aquela presentarase en Uninova

Na factura deberá constar o NIF do provedor, a data de emisión, o número de factura, o número de expediente, o obxecto do contrato, a base imponible, o tipo impositivo e o importe total da factura.

Deberán constar, ademais, os seguintes datos: o nome do órgano de contratación e do órgano competente en materia de contabilidade pública, que en UNINOVA é, en ambos os dous casos, o Conselleiro Delegado, o nome do destinatario da factura, que é o responsable do contrato (véxase o apartado 19 do Anexo I ao PCAP) , ademais do organismo, que é UNINOVA.

2. PAGAMENTO

O contratista terá dereito ao abono do servizo realizado nos termos establecidos nas normas que rexen o contrato e de acordo co prezo convindo. No caso de que o contrato prevese prazos parciais de execución, o contratista terá dereito ao abono dos servizos realizados en cumprimento dos citados prazos. En ningún caso a suma das facturacións parciais poderá superar o importe total do contrato.

A cesión do dereito de cobro que o contratista teña fronte a UNINOVA efectuarase de conformidade co establecido no artigo 200 da LCSP.

VI. PENALIDADES E EXTINCIÓN DO CONTRATO

29. PENALIDADES

1. Se a execución se demorase ou non se axustase ao determinado no contrato, UNINOVA poderá rexeitar a prestación contratada, quedando exenta do pagamento do prezo ou recuperando o prezo satisfeito, de ser o caso.

2. Se o contratista incumprise calquera dos prazos citados, por causa a el imputable, UNINOVA, sen necesidade de intimación previa, poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva, de ser o caso, ou pola imposición de penalidades económicas de acordo co establecido no artigo 193 da LCSP.

3. Se non se axustase ao determinado no contrato ou se incumprisen os compromisos ou as condicións especiais de execución do contrato, estarase ao disposto no artigo 192 da citada LCSP.

Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato para cada unha delas, nin superar o 50% en total.

4. As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante requirimento por parte de UNINOVA ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra.

5. En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte de UNINOVA

6. Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, rexerá o disposto no artigo 195.2 da LCSP.

7. Se o contrato se referise á elaboración de proxectos de obra rexerá o previsto nos artigos 314 e 315 da LCSP.

8. A aplicación e o pagamento das penalidades previstas nos artigos 192 e 193 da LCSP non exclúe a indemnización á que UNINOVA poida ter dereito por danos e prexuízos ocasionados con motivo do atraso ou do incumprimento imputable ao contratista.

Para o caso de incumprimento por defectos na facturación, as penalidades estableceranse no apartado 13 do anexo de especificacións.

30. EXTINCIÓN DO CONTRATO

1. O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución.

2. A resolución do contrato producirase polas causas previstas no artigo 211 da LCSP e polas especificamente indicadas para o contrato de servizos no artigo 313 da citada norma.

3. A aplicación e os efectos das causas de resolución do contrato serán as previstas legalmente, con carácter principal nos artigos 212, 213 e 313 da LCSP.

4. O órgano de contratación poderá resolver o contrato, practicando a liquidación que proceda, se durante catro días hábiles consecutivos ou seis alternos, se interrompese a prestación do traballo por parte da empresa contratista, agás en caso de forza maior.

5. Serán causa de resolución, ademais do establecido nas cláusulas anteriores, o incumprimento da algunha das outras obrigas contidas no contrato e no presente prego, as reiteradas deficiencias na execución das prestacións, o comportamento irregular do persoal da empresa, e o incumprimento das obrigas establecidas nos convenios, acordos, regulamentos e demais normas aplicables ao caso.

6. A resolución do contrato, con ou sen perda da garantía, producirase sen prexuízo das indemnizacións que a favor dunha ou doutra parte fosen procedentes.

31. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultaran responsabilidades que teñan que exercitarse sobre a garantía e unha vez transcorrido o prazo desta, de ser o caso, ditarase un acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval na forma establecida no artigo 111 da LCSP.

VII. OUTRAS CLÁUSULAS

32. RECURSOS

1. Nos supostos contemplados no artigo 44 da LCSP, procederá con carácter potestativo a interposición do recurso administrativo especial en materia de contratación, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de 15 días hábiles, nos termos previstos no artigo 50 da LCSP.

O dito recurso poderá interpoñerse diante do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Tacgal). Contra as actuacións susceptibles de ser impugnadas mediante recurso especial non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

2. Os actos que se diten no procedemento de contratación que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 44 LCSP poderán ser obxecto de recurso, de conformidade co disposto na lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. Sobre as cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato administrativo poderase interpor recurso contencioso-administrativo diante do xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

33. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

1 INFORMACIÓN CONFIDENCIAL FACILITADA AO CONTRATISTA

O adxudicatario está obrigado a gardar sigilo respecto dos datos ou antecedentes aos que teña acceso que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou aos que teña acceso con ocasión da execución do contrato non podendo proporcionar información a terceiros sobre a materia obxecto do contrato, a non ser que conte, para este efecto, coa previa autorización de UNINOVA

2 PROTECCIÓN DE DATOS

1. POR PARTE DE UNINOVA

De conformidade co Regulamento UE 2016/679, os datos de carácter persoal recadados serán tratados por UNINOVA e incorporaranse a base de datos de Uninova coa finalidade de realizar a xestión económica e financeira, a contabilidade orzamentaria, xestión de provedores e acredores, xestión tributaria e de recadación.

O órgano responsable do devandito tratamento é UNINOVA, diante da que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, cuxo enderezo é *Edificio Emprendia s/n 15782 Santiago*, correo electrónico info@uninova.org e teléfono 881 815 593/6

O seu tratamento responderá, exclusivamente, ao necesario para manter a relación contractual entre as partes.

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia e nos supostos de obrigas legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través do correo electrónico info@uninova.org

Tamén poden dirixirse á *Agencia Española de Protección de Datos* para realizar as reclamacións que consideren oportunas.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

Entenderanse excluídos do réxime de aplicación da protección de datos de carácter persoal:

Os datos de persoas xurídicas e das persoas físicas que presten os seus servizos nela.

Os datos relativos a empresarios individuais, cando fagan referencia a eles na súa calidade de comerciantes, industriais ou navieiros.

2. POR PARTE DA EMPRESA

1. En materia de protección de datos, aplicárase o establecido no "Reglamento UE 2016/679 del parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento General de Protección de Datos - RGPD)" publicado no DOUE do 4 de maio de 2016 e no "Real Decreto-Ley 5/2018, de 27 de julio, de medidas urgentes para la adaptación del derecho español a la normativa de la Unión Europea en materia de protección de datos "(BOE 30 xuño) e na Ley Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal.

O contratista adoptará as medidas de seguridade que lle correspondan segundo o establecido nas normas indicadas.

2. O contratista comprométese explicitamente a formar e informar a todas as persoas que empregue para a execución do contrato nas obrigas que de tales normas dimanaran.

3. No caso de que o contratista teña a condición xurídica de encargado do tratamento, as partes asinarán un anexo ao contrato, no modelo establecido, coas obrigas das partes.

4. O contratista e o persoal ao que se lle encargue a realización das tarefas gardará segredo profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato, quedando obrigado a non facer públicos ou allear cantos datos coñeza como consecuencia ou con ocasión da súa execución, incluso despois de finalizar o prazo contractual.

5. A documentación que se lle entregue ao contratista terá como exclusivo fin o de realizar as tarefas obxecto do contrato, quedando prohibido que o adxudicatario e o persoal encargado da súa realización, a reproduza por calquera medio ou a ceda total ou parcialmente a calquera persoa física ou xurídica. O anterior esténdese así mesmo ao produto de ditas tarefas.

6. O contratista comprométese a non dar información e/ou datos proporcionados por UNINOVA para calquera outro uso non previsto nos pregos que rexen no contrato. En particular, non proporcionará, sen autorización escrita de Uninova, copia dos documentos ou datos a terceiras persoas.

7. De ser o caso, todos os estudos e documentos elaborados durante a execución do contrato serán propiedade de UNINOVA, quen poderá reproducilos, publicalos e divulgalos, total ou parcialmente, sen que se poida opoñer o contratista.

34. PRERROGATIVAS

1. O órgano de contratación de Uninova posúe a prerrogativa de interpretar o contrato obxecto deste prego resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución, e determinar os seus efectos, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lexislación de contratos das administracións públicas.

2. Poderá así mesmo dirixirlle instrucións á empresa adxudicataria, sempre que non supoñan modificacións das prestacións autorizadas, nin se opoñan ás disposicións en vigor, ás cláusulas deste prego e do prego de prescricións técnicas e demais documentos contractuais.

3. Tamén poderá suspendelos coas condicións e efectos previstos no artigo 208 da LCSP.

4. As resolucións que dite o órgano de contratación de UNINOVA, no eventual exercicio das anteditas prerrogativas, serán inmediatamente executivas.

En Santiago de Compostela, o 06 de novembro de 2019, apróbase o presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en todos os seus termos.

O Conselleiro Delegado

Vicente Pérez Muñuzuri